

O **Concello de Ordes** celebra a XXIII edición da súa Carreira Popular o domingo 9 de setembro de 2018 na localidade de Ordes baixo o control técnico da Federación Galega de Atletismo (Delegación en Santiago) e de acordo co seguinte:

REGULAMENTO

1. Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha sola clasificación conxunta. O control técnico das probas estará a cargo do Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

2. CATEGORÍAS E DISTANCIAS DOS PARTICIPANTES:

CATEGORÍA	ANOS DE NACEMENTO	DISTANCIAS
BABY*	2013 e posteriores	500 metros
PREBENXAMÍN*	2011-2012	500 metros
SUB 10	2009-2010	1000 metros
SUB 12	2007-2008	1000 metros
SUB 14	2005-2006	3000 metros
SUB 16	2003- 2004	3000 metros
SUB 18	2001-2002	9500 metros
SUB 20, 23, SEN	2000 ata veteranos	9500 metros
MASTER 1	nados/as entre 1969 e 1978	9500 metros
MASTER 2	nados/as entre 1959 e 1968	9500 metros
MASTER 3	nados en 1958 e anteriores	9500 metros

*As categorías **BABY** e **PREBENXAMÍN** non son categorías federadas.

3. HORARIO DAS PROBAS

Todos os participantes deberán colocarse na liña de SAÍDA 5 minutos antes do inicio de cada proba, sita a mesma enfronte da Casa Consistorial.

HORA	CATEGORÍA
10:00 h	Sub 14 e Sub 16 (3000 metros)
10:30 h	Baby e Prebenxamín (500 metros)
10:50 h	Sub 18, Sub 20, 23 -Sen e Master (9500 metros)
11:00 h	Sub 10 e Sub 12 (1000 metros)

4. Para o control da carreira (excepto categorías baby e prebenxamin) todos os participantes deberán levar un **CHIP** que lles será entregado xunto co seu dorsal e que irá colocado na parte de atrás do dorsal.

5. INSCRICIONS:

- *CARREIRAS ESCOLARES* (de Baby a Sub 16): faranse cumprimentando os campos indicados a través do formulario de inscrición presente nas web www.carreirasgalegas.com.
- *CARREIRA ABSOLUTA* (Sub 18, Sub 20, 23 - Sen e master), poderán facelo visitando a páxina web www.carreirasgalegas.com onde se lle indicarán os pasos que deberán efectuar para formalizar a inscrición*.

PREZO DE INSCRICIÓN:

- *CATEGORÍAS ESCOLARES:* **GRATUITA**
- *CARREIRA ABSOLUTA:* **4,00 €**

*Os equipos, clubs... que desexen optar os premios en metálico deberán formalizar a inscrición individual de cada compoñente, e ademais remitir un correo electrónico á dirección **FGAsantiago@gmail.com** no cal se reflexará a composición de atletas do club cos seus datos persoais (*nome e apelidos, data de nacemento, localidade de procedencia, club e nº de licencia federativa, se a ten*).

Para máis información, poderán utilizar os teléfonos **981 680002 (ext. 5)**.

O prazo de inscrición rematará o **mércres 5 de setembro de 2018 ás 23:59 horas**.

NON SE ADMITIRAN INSCRICIONS FORA DO PRAZO ESTABLECIDO.

Os dorsais e os chips recolleranse na **SECRETARIA DA COMPETICIÓN** sita a carón da Casa do Concello ata **MEDIA HORA** antes do inicio da proba correspondente.

- O longo do percorrido a organización situará controis nos cales poderase descualificar a calquera atleta que incumpra a normativa da competición (saírse do percorrido, sacar o dorsal, empurrar ou obstaculizar a outros atletas...). O percorrido da proba absoluta estará sinalado cada quilómetro.
- Todo atleta que chega a liña de meta sen o seu dorsal colocado correctamente na zona do peito, en toda a súa extensión será automaticamente descualificado.

8. TROFEOS E PREMIOS EN METÁLICO

Haberá trofeos para os 3 primeiros clasificados a partir da categoría Sub 10 (en mulleres e homes), así como trofeo para as 3 primeiras mulleres e os 3 primeiros homes da carreira **SUB 18, SUB 20, 2 -SEN e MASTER**.

Tamén outorgarase trofeo ós 3 primeiros clasificados do Concello (deberán estar censados) na proba absoluta (en mulleres e homes), ó participante máis xoven e o máis veterano que logre concluíla proba da súa categoría.

Os trofeos non serán acumulativos.

PREMIOS EN METÁLICO

CARREIRA ABSOLUTA (SUB 18, SUB 20, 23 -SEN e MASTER)

PREMIOS INDIVIDUAIS

1º Clasificado/a:	150 €	
2º Clasificado/a:	80 €	(Iguais para mulleres e homes)
3º Clasificado/a:	50 €	

*PREMIOS POR CLUBES FEDERADOS**

CARREIRA ABSOLUTA (SUB 18, SUB 20, 23-SEN e MASTER)

1º Equipo Clasificado:	150 €
2º Equipo Clasificado:	100 €
3º Equipo Clasificado:	50 €



Deputación
DA CORUÑA



XXIII CARREIRA POPULAR



A clasificación por clubs federados será establecida a través dos 4 primeiros corredores en cruzar a liña de meta. Para puntuar nesta clasificación é necesario realizar a inscrición como club (*inscribindo os corredores individualmente en e remitindo un correo electrónico a dirección **FGAsantiago@gmail.com** cos datos do club e dos seus compoñentes*), e que alo menos **6** corredores do mesmo logren concluíla carreira. A confección dos equipos poderá ser mixta, masculina ou feminina, pero todos puntuarán nunha soa clasificación.

NINGÚN CLUBE FEDERADO ENTRARA NESTES PREMIOS SENON SEGUE OS PASOS MARCADOS PARA A INSCRICION POR CLUBE INDICADA NO PUNTO 5 DESTE REGULAMENTO.

*PREMIOS POR GRUPOS DO MUNICIPIO**

CARREIRA ABSOLUTA (SUB 18, SUB 20, 23-SEN e MASTER).

1º Grupo Clasificado:	150 €
2º Grupo Clasificado:	100 €
3º Grupo Clasificado:	50 €

Na clasificación por grupos do municipio poderán entrar todas as asociacións, clubs, equipos, centros,... do municipio de Ordes. A clasificación será establecida a través dos 4 primeiros corredores en cruzar a liña de meta. Para puntuar nesta clasificación é necesario realizar a inscrición como grupo municipal (*VER PUNTO 5 DO REGULAMENTO*) e que alo menos **6** corredores do mesmo logren concluíla carreira. A confección dos grupos poderá ser mixta, masculina ou feminina, pero todos puntuarán nunha soa clasificación, tendo que estar todos os integrantes do grupo censados no municipio de Ordes.

* Non se pode duplicar a inscrición, é dicir, os corredores so poderán estar anotados ou a través dunha asociación, club ou grupo, non poderá figurar en dúas entidades.

9. A participación de atletas estranxeiros en competicións de ruta autonómicas rexerese polas regras de competición 2015 publicadas no sitio web oficial da RFEA , e en especial o artigo 3.4 (páxina 72 do manual) , artigo que se pode consultar no seguinte enlace:

<http://www.rfea.es/normas/pdf/reglamento2015/00Reglamentacion2015.pdf>

10. Haberá servizo de duchas na piscina municipal “ O Muiño” a disposición de tódolos atletas ó finalizar as probas. Tódolos atletas que logren concluír a proba recibirán avituallamento líquido e unha camiseta conmemorativa do evento.
11. As reclamacións ós resultados oficiais deberán formularse verbalmente ó Xuíz Árbitro da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.

12. Todo o non previsto no presente regulamento, resolverase de acordo co regulamento da RFEA e FGA para probas en ruta en vigor.

OUTRAS DISPOSICIÓNS

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

ASISTENCIA MÉDICA: A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGURO: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

LOPD: Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial de la Federación Galega de Atletismo e por medio da súa inscrición a persoa participante consinte expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, por medio de escrito ao correo electrónico a la Federación Galega de Atletismo, Avda. de Glasgow 13, 15008 A Coruña.

Máis información nas páxinas web:

- www.ordes.gal
- www.atletismo.gal
- www.carreirasgalegas.com